

CONCURSO DE CARTEIS

XLVI FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO 2009



I. TEMA:

O Viño do Ribeiro, e a súa exaltación.

Branco, tinto e tostado. No caso de querer destacar só un, este sería o Viño Branco do Ribeiro.

II. PARTICIPACIÓN:

Poderán tomar parte no mesmo deseñadores e artistas de calquera nacionalidade, podendo presentar cada un deles un máximo de 3 obras, sendo condición indispensable que tales obras sexan inéditas.

III. FORMATO:

O tamaño do orixinal será de 43 x 63 cm, sempre en posición vertical.

IV. PRESENTACIÓN E ENTREGA:

Os carteis presentaranse:

- **Opción A:** Sobre soporte ríxido, sen sinatura do autor, e baixo un lema ou pseudónimo que figurará escrito na parte posterior do cartel, e acompañado dun sobre pechado en cuio exterior figurará o mesmo lema ou pseudónimo do cartel.

Dito sobre conterá os seguintes datos: Nome e apelidos, DNI, enderezo e número de teléfono do autor.

O lugar de entrega das obras será a sede do Consello Regulador da D. O. Ribeiro,
Salgado Moscoso, 11

32.400 Ribadavia - Ourense - Galicia.

Poderanse entregar en man, ser enviadas por correo certificado ou por mensaxería.

- **Opción B:** Por correo electrónico nun arquivo .jpg ou .png a 300ppp e a un tamaño real de 43x63 cm ao seguinte email:

xoan.promocion@ribeiro.es

No texto do email indicará: Nome e apelidos, DNI, enderezo e número de teléfono do autor e lema ou pseudónimo co que desexa participar no concurso.

A data límite de recepción finaliza ás 14:00 horas do día 4 de Maio de 2009.

V. TEXTO:

A obra deberá conter o seguinte texto:

XLVI FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO

RIBADAVIA

4, 5 e 6 de Xullo de 2009

Declarada de Interese Turístico

No caso de querer destacar algunha palabra na composición esta sería sempre RIBEIRO.

VI. TÉCNICA:

Libre.

Os carteis deseñados con computador deberán ter unha resolución de 300 ppp, a un tamaño real de 43 x 63 cm.

No caso de resultar gañadores, os autores que optaron por realizar a súa obra mediante sistemas informáticos, deberán aportar o correspondente soporte dixital en formato vectorial.

VII. PREMIOS:

Concederanse os seguintes premios:

- Un Primeiro Premio de 1.500 € e
- Dous accésits de 300 € cada un.

A presentación do Cartel gañador e a entrega dos premios terá lugar o día 14 de Maio ás 12:00 horas no Salón de Actos do Centro Comarcal do Ribeiro.

A obra premiada e ambos accésits quedarán en propiedade do C.R.D.O Ribeiro.

VIII. EXPOSICIÓN:

Os carteis presentados a concurso serán expostos posteriormente en Ribadavia en lugar a determinar, entre os días 23 de Xuño e 5 de Xullo de 2008, que será anunciado previamente nos medios de comunicación.

As obras non premiadas poderán ser retiradas a partir da clausura da Exposición na Sede do Consello Regulador nun prazo de 30 días. Pasado o dito prazo, as obras non recolleitas pasarán a ser propiedade do Consello Regulador da D.O. Ribeiro.

IX. XURADO:

O xurado estará composto por varias persoas relacionadas co mundo da arte e do deseño, así como polo Presidente do Consello Regulador e o Alcalde de Ribadavia e/ou persoas nas que deleguen.

Como Coordinador do concurso actuará un responsable de Promoción, Publicidade e Comunicación do Consello Regulador do Ribeiro.

O fallo do concurso farase público o día 14 de Maio.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar o concurso deserto, se ao seu xuízo, ningunha das obras presentadas se considerase merecedora de ser premiada.

O veredicto do xurado será inapelable.

X. REPRODUCCIÓN:

A organización da XLVI Feira do Viño do Ribeiro e o Consello Regulador poderán efectuar cantas reproducións precisen do cartel que obteña o premio e difundilo polos medios de publicidade que estimen convenientes, sen que o seu autor poida evocar dereitos respecto diso. Durante o proceso de pre-impresión

incluíranse no cartel premiado os escudos oficiais do Consello Regulador D.O. Ribeiro e do Concello de Ribadavia, así como a sinatura do autor, e para iso contarase co asesoramento do propio autor.

As obras serán tratadas co máximo coidado; non entanto, se algunha delas sufrise algún deterioro por causas alleas á Organización, esta declina calquera responsabilidade.

A organización da XLVI Feira do Viño do Ribeiro resérvase a posibilidade de realizar calquera modificación no cartel anunciador gañador, sempre que iso non supoña alteración substancial do mesmo e conte co permiso do autor para ditas modificacións.

XI. ACEPTACIÓN:

A participación neste concurso comporta a plena aceptación destas bases.

En Ribadavia, 24 de Marzo de 2009

D. Luis Anxo Rodríguez Vázquez
Presidente do Consello Regulador

D. Marcos Blanco Jorge
Alcalde do Concello de Ribadavia

Estas bases poden consultarse en:

www.ribeiro.es

Ampliar información en:

Xoan.promocion@ribeiro.es